



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2014/15 |
| Asignatura (*) | Matemática Discreta | Código | 614G01004 | |
| Titulación | Grao en Enxeñaría Informática | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Computación | | | |
| Coordinación | Perez Vega, Gilberto | Correo electrónico | gilberto.pvega@udc.es | |
| Profesorado | Aguado Martin, Maria Felicidad Barja Pérez, José María Costoya Ramos, Maria Cristina Doncel Juarez, Jose Luis Perez Vega, Gilberto Souto Salorio, Maria Jose Vidal Martin, Concepcion Vieites Rodriguez, Ana Maria | Correo electrónico | felicidad.aguado@udc.es j.m.barja@udc.es cristina.costoya@udc.es jose.luis.doncel@udc.es gilberto.pvega@udc.es maria.souto.salorio@udc.es concepcion.vidalm@udc.es ana.vieites@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.es/moodle | | | |
| Descrición xeral | <p>La asignatura de Matemática Discreta es una asignatura cuatrimestral que se imparte en el primer cuatrimestre del primer curso de la titulación de Grado en Ingeniería Informática, corresponde al módulo de Formación Básica.</p> <p>En esta asignatura se deben adquirir los hábitos de abstracción y rigor necesarios en el ámbito profesional de un informático. Los conceptos que se estudian son básicos para el desarrollo de otras asignaturas; por ejemplo, en álgebra, algoritmos, seguridad informática, bases de datos, fundamentos de computadores, proyectos y gestión de calidad, ...</p> <p>El carácter de los estudios y las necesidades de formación de los estudiantes del Grado en Informática aconseja un enfoque computacional de esta asignatura, por ello, se pondrá especial énfasis en los conceptos de matemática discreta que se emplean en teoría de computación, destacando el enfoque algorítmico en los métodos.</p> | | | |

| Competencias da titulación | |
|----------------------------|---|
| Código | Competencias da titulación |
| A1 | Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que se poden presentar na enxeñaría. Aptitude para aplicar os coñecementos sobre: álgebra linear; cálculo diferencial e integral; métodos numéricos; algorítmica numérica; estatística e optimización. |
| A3 | Capacidade para comprender e dominar os conceptos básicos de matemática discreta, lóxica, algorítmica e complexidade computacional e a súa aplicación para a resolución de problemas propios da enxeñaría. |
| A12 | Coñecemento e aplicación dos procedementos algorítmicos básicos das tecnoloxías informáticas para deseñar solucións a problemas, analizando a idoneidade e a complexidade dos algoritmos propostos. |
| A13 | Coñecemento, deseño e utilización de forma eficiente dos tipos e estruturas de datos máis adecuados á resolución dun problema. |
| B1 | Capacidade de resolución de problemas |
| B3 | Capacidade de análise e síntese |
| B5 | Habilidades de xestión da información |
| B6 | Toma de decisións |
| B7 | Preocupación pola calidade |
| B9 | Capacidade para xerar novas ideas (creatividade) |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse. |



| | |
|----|---|
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
|----|---|

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|----------------------------|----------------|----|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación | | |
| Capacidade para comprender e dominar os conceptos básicos de Matemática Discreta e a súa aplicación para a resolución de problemas propios da enxeñaría. En concreto: Coñecer e manexar a linguaxe simbólica, formalizar argumentos lóxicos e probar a validez destes. Operar comportas lóxicas mediante funcións booleanas reducidas, aplicando diferentes métodos de simplificación de funcións booleanas. Coñecer os conceptos básicos da teoría de conxuntos e aplicacións. Coñecer os conceptos fundamentais da teoría de relacións e grafos e a súa aplicación á resolución de problemas. Coñecer as técnicas de recuento e as súas aplicacións. Definicións básicas de máquinas de estado finito, autómatas finitos deterministas e expresións regulares. | A1 A3 A12 | | |
| Entender e manexar a linguaxe matemática de forma correcta para expresar as ideas. | A1 A3 | | C1 |
| Desenvolver a capacidade de abstracción, concreción, concisión, imaxinación, intuición, razoamento, crítica, obxectividade, síntese e precisión, para utilizalas en calquera momento da actividade académica ou laboral, co fin de poder afrontar con garantías de éxito os problemas que se formulen. | A3 | B1 B3 B9 | C6 |
| Adquirir ferramentas e destrezas para resolver os problemas de forma axeitada. Expresar e interpretar de forma precisa os resultados obtidos. Verificar o resultado e, en caso de obter unha incongruencia, revisar o proceso para detectar o erro cometido. | A1 A12 A13 | B5 | |
| Saber aplicar os conceptos fundamentais da materia e saber relacionar os conceptos matemáticos cos algorítmicos e computacionais. | A1 A3 A12 | B1 B3 B6 | C8 |
| Saber aplicar métodos asociados coas estruturas discretas a situacións reais. | A1 | | |
| Saber seleccionar as técnicas máis idóneas para resolver cada problema. | A1 A3 A12 | B1 B3 B6 | C6 |
| Mostrar unha actitude crítica e responsable. | | B7 | C6 |

| Contidos | |
|-------------------------------|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Lóxica e álxebras de Boole | <p>Proposicións e Operadores lóxicos.</p> <p>Táboas de verdade.</p> <p>Implicacións lóxicas ou regras de inferencia.</p> <p>Equivalencias lóxicas.</p> <p>Teoremas e demostracións.</p> <p>Táboas semánticas.</p> <p>Cuantificadores.</p> <p>Álxebras de Boole.</p> <p>Funcións de Boole: forma normal conxuntiva e forma normal disxuntiva.</p> <p>Portas lóxicas básicas.</p> <p>Circuitos combinacionais.</p> <p>Minimización de circuitos. Diagramas de Karnaugh.</p> |



| | |
|--|---|
| 2.- Conxuntos e aplicacións. | Noción intuitiva de conxunto. Subconxuntos e complementario. Operacións con conxuntos. Propiedades. Producto cartesiano. Definición de aplicación. Tipos de aplicacións. Composición de aplicacións. Aplicación inversa. |
| 3.- Relacións e grafos. | Relacións binarias. Relacións de equivalencia e conxunto cociente. Relacións de orden: elementos especiais dun conxunto ordenado e diagrama de Hasse. Conceptos básicos e terminoloxía de grafos. Matriz de adyacencia e conexión. Algúns tipos de grafos. Árboles. |
| 4.- Combinatoria. | Técnicas básicas. Permutacións, variacións e combinacións. Fórmulas combinatorias. Principio de inclusión-exclusión. |
| 5. Máquinas de estado finito e expresións regulares. | Máquinas de estado finito con saída. Autómatas finitos. Linguaxe recoñecida por un autómatas. Expresións regulares e conxuntos regulares. Simplificación de autómatas finitos. |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
|--------------------------|-------------------|---|--------------|
| Sesión maxistral | 30 | 42 | 72 |
| Aprendizaxe colaborativa | 9 | 18 | 27 |
| Prácticas de laboratorio | 20 | 30 | 50 |
| Atención personalizada | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|---|
| Sesión maxistral | A través da plataforma virtual da universidade, porase a disposición do alumnado a información detallada dos contidos de cada tema co fin de que cada alumno/a configure, segundo o seu criterio e necesidades, o material adecuado para o seguimento e comprensión da materia, para iso poderá facer uso da bibliografía recomendada e/ou material dispoñible na rede. As clases teóricas e prácticas iranse desenvolvendo de forma simultánea na aula, realizando exercicios despois das explicacións teóricas. Iniciarase a explicación das técnicas formais por medio de exemplos, pondo énfases en cálculos concretos e na natureza algorítmica dalgúns delas. Preténdese que os alumnos sexan capaces de obter conclusións dos resultado obtidos, tentando motivar aos alumnos para que participen e sexan capaces de inferir conclusións. |
| Aprendizaxe colaborativa | Cada tres semanas, haberá dúas horas de tutorías. Nelas poderanse expor dúbidas sobre os conceptos, exercicios e procedementos vistos nas sesións de teoría e problemas. |



| | |
|--------------------------|---|
| Prácticas de laboratorio | <p>Ao comezo de cada tema facilitaráselle aos alumnos un boletín de exercicios relacionados cos contidos teóricos explicados nas clases de teoría. Nestas sesións preténdese:</p> <ul style="list-style-type: none">- incentivar a alumno, mediante exercicios interactivos que deben resolver para reforzar a comprensión dos conceptos estudados,-fomentar a resolución razoada dos exercicios, evitando a utilización de &quot;receitas&quot;. <p>Dependendo do tema e dos recursos dispoñibles, poderánse plantear traballos con programas informáticos que reforcen os conceptos traballados nas clases teóricas e de exercicios.</p> |
|--------------------------|---|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|--|
| Aprendizaxe colaborativa Prácticas de laboratorio | <p>Os alumnos teñen a posibilidade de revisar a cualificación obtida na proba final escrita, comprobando que esta se axusta aos criterios de avaliación establecidos.</p> <p>Así mesmo, os alumnos coñecerán a avaliación das probas realizadas ao longo do curso, co fin de corrixir os erros e/ou mellorar as respostas aos exercicios, con vistas a unha formación máis sólida.</p> <p>Nas sesións en grupos reducidos, resólvense de forma individualizada as dúbidas formuladas polos alumnos, en especial cando sexan comúns a varios deles ou ilustren un caso interesante. Se a cuestión é máis particular ou non queda plenamente resolta para algún alumno, trataríase nas horas de tutoría individualizada.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
|--------------------------|--|---------------|
| Prácticas de laboratorio | <p>Ao longo do curso realizarase unha avaliación dos distintos temas onde se exporán definicións dos conceptos introducidos, cuestións e exercicios similares aos do correspondente boletín. Valorarase a resposta correcta ás cuestións e exercicios expostos e, a presentación e a claridade da exposición realizada.</p> <p>Poderase ter en conta a actitude participativa do alumnado na resolución das cuestións formuladas durante as prácticas.</p> | 20 |
| Sesión maxistral | <p>Ao final do curso realizarase unha proba escrita. Esta proba inclúe:</p> <ul style="list-style-type: none">- Preguntas cortas que permitan valorar se o alumno comprendeu os conceptos teóricos básicos.- Problemas cun grado de dificultade similar aos exercicios realizados na clase e aos propostos nas coleccións de exercicios. <p>Avaliarase o dominio dos conceptos teóricos da materia, a comprensión dos mesmos e a súa aplicación na resolución de exercicios. Asimesmo, valorarase a claridade, a orde e a presentación dos resultados expostos.</p> <p>Para aprobar a materia é necesario obter polo menos 3,2 puntos dos 8 posibles na proba escrita.</p> <p>A presentación á proba final do curso supón que o estudante completou o proceso de avaliación continua.</p> | 80 |
| Outros | | |

Observacións avaliación



Estudantes con matrícula a tempo parcial: De darse o caso de que non puidesen asistir no horario que lles corresponda ao seu grupo a algunha e as probas avaliadas como "prácticas de laboratorio", e sempre que o comunicasen con suficiente antelación, intentarase integralos nalgún dos outros grupos existentes e, en último caso, trataríase de facilitar o cambio da data da proba.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Caballero, R., Hortalá, M.T., Martí, N., Nieva, S., Pareja, A. y Rodríguez, M. (2007). Matemática Discreta para Informáticos. Ejercicios resueltos. Pearson- Grimaldi, R. P. (2006). Discrete and Combinatorial Mathematics. Pearson Education- Rosen, K. H. (2011). Discrete Mathematics and Its Applications. McGraw-Hill- Rosen, K. H. (2004). Matemática Discreta y sus aplicaciones. McGraw-Hill Interamericana- García, C.; López, J.M. y Puigjaner, D. (2002). Matemática Discreta. Problemas y ejercicios resueltos. Prentice-Hall- Grimaldi, R. P. (1998). Matemáticas Discreta y Combinatoria. Addison-Wesley Iberoamericana- García Merayo, F.; Hernández Peñalver, G. y Nevot Luna, A. (2003). Problemas Resueltos de Matemática Discreta. Thomson |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Bujalance, E. y otros (1993). Elementos de Matemáticas Discretas. Sanz y Torres- Biggs, N. L. (1994). Matemática Discreta. Vicens Vives- Scheinerman, E. R. (2001). Matemáticas Discretas. Thomson Learning- Bujalance, E. y otros (1993). Problemas de Matemáticas Discretas. Sanz y Torres |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase ter cursado as materias de Matemáticas do bacharelato.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías